



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2026

En Laxe, sendo as 14:30 horas do 5 de febreiro de 2026, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Non asisten:

Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Actúa como secretaria-interventora deste concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

1. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLÁN ÚNICO A CONCELLOS) POS+2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.Expte. núm. 2025/A008/000042.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2026”

Expte. Admvo. Núm. 2025/A008/000042

A Deputación da Coruña aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2026” na sesión ordinaria do 28/11/2025, publicándoas no BOP núm. 231 de 02/12/2025.

Este plan consta de dous tipos de achegas provinciais: achega provincial 2024 e achega provincial 2025 que se destinarán aos distintos obxectos descritos nas ditas bases en función da súa natureza. As cantidades asignadas ao Concello de Laxe para cada un destes tipos de achega son as seguintes:

Achega provincial 2025: 196.572,77 €

Achega provincial 2026: 185.340,04 €

Total POS+ 2026: 381.912,81 €

Ademais consta dun Plan Complementario no que o Concello deberá solicitar investimentos financeiramente sostibles por un importe total mínimo do 25% da achega provincial 2026 asignada, aínda que se aconsella que sexa maior (base 4.3).

Con respecto a este plan, fórmulase a seguinte proposta ao Pleno da Corporación:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á “achega provincial 2025”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	185.340,04 €
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	196.572,77 €
Subtotal gasto corrente	381.912,81 €

B) Financiamento de investimentos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2026					

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2025					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	185.340,04 €				185.340,04 €
	Achega 2025	196.572,77 €				196.572,77 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026					
	Achega 2025					
C- TOTAL	Achega 2026	185.340,04 €				185.340,04 €
	Achega 2025	196.572,77 €				196.572,77 €
	TOTAL	381.912,81 €				381.912,81 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2.- Aprobado o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
PROXECTO TÉCNICO DE ENSANCHE DE VÍA E REDE DE PLUVAIS EN APLAZADOIRO. CONCELLO DE LAXE	109.735,35 €	0	109.735,35 €
TOTAIS	109.735,35 €	0	109.735,35 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Intervén o sr. alcalde explicando a proposta que se somete á consideración do Pleno, dando conta dos importes e destino dos mesmos.

Iniciado o debate intervén a concelleira do BNG, dona Isabel María Toja Toja, cuestionando o importe da obra de ensanche de vía e rede de pluviais en Aprazadoiro.

O sr. alcalde fai referencia ao incremento anual dos prezos e indica que é o custo dun tramo.

Tras breves intervencións, sométese a votación o asunto, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 8 [(5 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Queda por tanto, aprobado o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2026" e con cargo á "achega provincial 2025":

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es**A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:**

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	185.340,04 €
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	196.572,77 €
Subtotal gasto corrente	381.912,81 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello		
Denominación da obra ou da subministración					
Subtotal investimentos achega provincial 2026					

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello		
Denominación da obra ou da subministración					
Subtotal investimentos achega provincial 2025					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
Achega 2026	185.340,04 €				185.340,04 €



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	196,572,77 €				196,572,77 €
	Achega 2026					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025					
	Achega 2026	185.340,04 €				185.340,04 €
C- TOTAL	Achega 2025	196,572,77 €				196,572,77 €
	TOTAL	381.912,81 €				381.912,81 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
PROXECTO TÉCNICO DE ENSANCHE DE VÍA E REDE DE PLUVAIS EN APLAZADOIRO. CONCELLO DE LAXE	109.735,35 €	0	109.735,35 €
TOTAIS	109.735,35 €	0	109.735,35 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2. EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 439/2023, DO 23 DE MAIO POLA QUE SE APROBAN AS BASES ESPECÍFICAS DUNHA PRAZA DE GUÍA TURÍSTICO E MEDIOAMBIENTAL E DUNHA PRAZA DE ANIMADOR/A CULTURAL. Expte. núm. 2026/E005/000002 e Expte. núm. 2025/E005/000004.

Dase conta da seguinte proposta:

“Asunto: Revisión de oficio de un acto administrativo

Expte. Admvo. Núm.: 2026/E005/000002, relacionado co expediente 2025/E005/000004

PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA PLENO

Este concello está a tramitar os procesos de estabilización de persoal conforme ao establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobándose a oferta de emprego público con data do 06/10/2022 e as bases xerais e específicas con data do 23/05/2023.

Conforme a este proceso estabilizáronse 9 das 11 prazas ofertadas, quedando pendente 2 delas, a de guía turístico e medioambiental e a de animador/a cultural, estando aprobadas e publicadas as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas.

O 17/03/2025 iníciase por parte deste concello expediente de Revisión de oficio, de conformidade co disposto no art. 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, das bases específicas aprobadas por Resolución de Alcaldía 439/2023 do 23 de maio de 2023 (DOCUMENTO 1), reguladoras da convocatoria e proceso selectivo de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo ao amparo das previsións legais para a estabilización de emprego temporal, contida na Lei 20/2021, do 28 de decembro, ao requirirse unha titulación superior á que se esixiu no seu momento para o ingreso nesta administración.

O 23/07/2025 recíbese neste concello o ditame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia sobre a revisión de oficio solicitada. No mesmo indícase que para que poida apreciarse a vulneración da igualdade do artigo 14 da Constitución Española no acceso ao emprego público, en atención á titulación esixida como requisito para participar no correspondente proceso selectivo, será necesario que quede acreditado que a diferenza imposta en razón da capacitación técnica non é adecuada á natureza propia das tarefas a realizar, nin proporcionada.

Nas bases específicas estableceuse como requisito de acceso para o posto de guía turístico e medioambiental a titulación de diplomatura en Turismo ou grao universitario en Turismo ou equivalente, e para a praza de animador/a cultural a titulación de diplomatura ou grao universitario en Educación social ou equivalente.

Considerando que as bases referidas supoñen unha vulneración do art. 14 CE por esixir como requisito de participación unha titulación desproporcionada e inapropiada ao contido funcional destes postos de traballo, esta Alcaldía considera necesario iniciar un novo expediente de Revisión de oficio do acto de aprobación das bases referidas.

Como fundamento da anterior afirmación, analízanse a continuación os diferentes instrumentos de xestión de persoal e xestión orzamentaria, así como a documentación posta de manifesto ao longo do tempo no desempeño dos postos, o que permitirá concluír que a titulación esixida como requisito de participación é desmesurada e inadecuada ao contido funcional, vulnerando por tanto, o artigo 14 da CE.

A.-CONTIDO FUNCIONAL DO POSTO DE GUÍA TURÍSTICO E MEDIOAMBIENTAL.

Co obxectivo de dar a coñecer os recursos naturais e patrimoniais do Concello, no ano 2006 procédese á contratación dun guía turístico e medioambiental. A selección de persoal realizouse a través da oficina de emprego de Carballo, esixíndose a titulación de ciclo superior en información e comercialización turística, aínda que finalmente se selecciona a un ciclo superior en finanzas ao considerar suficiente esta titulación para as tarefas asignadas ao posto.

As tarefas máis relevantes descríbense na memoria de inicio de expediente para a selección de persoal que se achega como (DOCUMENTO 2):

- Elaboración dunha guía de recursos culturais, naturais e ambientais do Municipio de Laxe.*
- Sinalización dos roteiros de sendeirismo do Municipio e creación de novos roteiros.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

-Deseño e desenvolvemento de actividades recreativas e educativas relacionadas coa concienciación ambiental, dirixidas a nenos das escolas da zona.

-Prestación de servizos de información, apoio, orientación e asistencia en materia cultural ou natural, dirixidos a quen o necesite.

-Difusión do noso patrimonio natural e cultural en feiras, escolas e congresos.

-Creación de itinerarios turísticos ambientais a través do Municipio para concienciar aos turistas e aos habitantes de Laxe sobre a riqueza do Municipio e a súa preservación para as xeracións futuras.

-Colaborar e manterse informado sobre todos os proxectos no ámbito do turismo e a natureza que o Municipio de Laxe desexe desenvolver.

A1.-Instrumentos de xestión orzamentaria.

Nos anexos de persoal dos orzamentos municipais descríbense as funcións encomendadas aos distintos postos, no caso do guía turístico recóllese:

“As propias do seu posto de traballo así como colaborar no desenvolvemento dos diversos programas e actividades culturais de lecer organizados polo concello, labores de monitoraxe e apoio aos programas ou servizos que se ofrecen nos equipamentos culturais municipais como Museo do Mar, Oficina de información turística”.

Achégase como (DOCUMENTO 3 a 8) copia do distintos BOP da Coruña onde se publican os anexos de persoal 2014 (BOP núm. 83, de 05/05/2014); 2015 (BOP núm. 217, de 12/11/2015); 2018 (BOP núm. 115, de 19/06/2018); 2019 (BOP núm. 93, de 20/05/2019); 2020 (BOP núm. 91, de 19/06/2020); 2021 (BOP núm. 165, de 31/08/2021).

É preciso sinalar que desde o ano 2006 ao 2013 o Concello de Laxe estivo en prórroga orzamentaria e que os anexos do orzamento de 2022, 2024 e 2025 non sinalan funcións de ningunha praza.

A2.-Instrumentos de xestión de persoal

A.2.1.- Relación de postos de traballo.

Na Relación de Postos de traballo aprobada no exercicio 2007, non se recolle o posto de guía turístico e medioambiental.

No expediente de modificación da RPT do 2010 aparece mencionado o posto de guía turístico no catálogo como técnico auxiliar, con todo non aparece recollido o posto nas follas descritivas onde se relacionan as funcións asignadas a cada un deles.

No expediente de modificación da RPT que actualmente se está tramitando, descríbense as funcións do posto como:

(DOCUMENTO 9) FUNCÍONS DO POSTO DE TRABALLO (actividades relevantes sen ser exhaustivo)

-Elaboración de guías de recursos culturais, naturais e medioambientais do Concello de Laxe.

-Sinalización das rutas de sendeirismo e creación de rutas.

-Proxectar e elaborar actividades lúdicas e formativas relacionadas coa concienciación do medio ambiente, destinadas ós rapaces dos colexios da zona.

-Prestación de servizos de información, acompañamento, orientación e asistencia en materia cultural ou natural, dirixido a quen o necesite.

-Difusión en feiras, colexios e congresos do patrimonio natural e cultural do Concello.

-Realización de itinerarios turísticos e medioambientais.

-Colaborar en proxectos en materia de turismo e natureza que o concello queira desenvolver.

-Organización de visitas guiadas polo término municipal do Concello de Laxe.

-Colaboración e apoio aos programas do Museo do Mar.

-Labores de información, guía e acompañamento turístico de grupos.

-Xestión das redes sociais do departamento.

-Promoción das actividades turísticas do Concello de Laxe.

-Contacto con entidades e xestión de axudas, cursos, subvencións, relacionadas co ámbito do departamento.

-Tramitación de expedientes administrativos relacionados co seu servizo.

-Atención ao público presencial e telefónica.

-Colaboración e apoio no fomento de actividades de dinamización turística do Concello, a través de programas propios ou alleos, análise de propostas e orzamentos, tramitación de recursos, redacción de memorias,

-Colaboración e apoio na tramitación administrativa doutros departamentos segundo necesidades do Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

servizo.

- Colaboración e apoio na tramitación dos procesos selectivos do persoal do seu departamento.
- Tramitacións de expedientes de subvencións municipais.

-Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Funcións que teñen total reflexo no DOCUMENTO 2 (memoria que serve de base á solicitude de subvención para a contratación inicial dun guía turístico) así como no artigo 5 do RD 1255/2009 do 24 de xullo, polo que se establece o título de técnico superior en guía, información e asistencia turística e fíxanse os seus ensinamentos mínimos, concretamente nos apartados a) b) c) d) e) f) g) e h).

a) Estudiar el potencial de las diferentes áreas territoriales y del mercado turístico de la zona y detectar las ayudas institucionales existentes, analizando la información necesaria a fin de promocionarlos como destino.

b) Diseñar y modificar los productos turísticos de base territorial para satisfacer las expectativas de la demanda turística y rentabilizar los recursos y la oferta de servicios del entorno.

c) Proponer acciones de promoción y comercialización de los destinos turísticos con vista a su lanzamiento o consolidación, fijando los precios adecuados.

d) Asesorar e informar al turista tanto en puntos de información como en viaje o destino, teniendo en cuenta las normas de protocolo básicas, empleando los medios técnicos más adecuados en función del cliente, y así lograr una prestación de servicio satisfactoria y la fidelización del visitante.

e) Guiar y asistir a viajeros en viajes, traslados o visitas, empleando las estrategias de comunicación, consiguiendo la satisfacción de éstos.

f) Informar y conducir a turistas y viajeros, fomentando el respeto por la riqueza del patrimonio cultural y natural.

g) Coordinar las operaciones de los diferentes tipos de eventos, prestando asistencia a los clientes en los casos que así lo requieran.

h) Atender las contingencias, imprevistos y quejas que puedan surgir y afectar a viajeros y situaciones, solucionando los problemas que ocasionen permitiendo un desarrollo adecuado del servicio.

A.2.2.- Recoñecemento da antigüidade.

No ano 2019, por Decreto de Alcaldía 793/2019 (DOCUMENTO 10), recoñeceuse ao persoal laboral a antigüidade e o abono dos trienios correspondentes equiparándoos na súa contía económica aos importes que para os funcionarios establecen as distintas leis de orzamentos do Estado.

Esta equiparación debeuse á inexistencia de convenio de persoal laboral vixente, o que determinaba que os postos de persoal laboral non estivesen categorizados e por tanto non se puidera cuantificar o importe da retribución por antigüidade.

Nese recoñecemento asimilouse á guía turística ao Grupo B, aos sós efectos de cuantificación económica da antigüidade, ao considerar que era o Grupo que lle correspondía consonte a titulación da traballadora no momento do acceso ao posto e da firma do contrato de traballo, xa que o artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público clasifica os corpos e escalas consonte a titulación esixida para o acceso aos mesmos, nos seguintes grupos.

Grupo B. Para o acceso aos corpos ou escalas do Grupo B esixírase estar en posesión do título de Técnico Superior.

Atendendo ao anterior, empezouse a retribuír a antigüidade conforme a cuantificación económica que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado establecía para o grupo B.

A.3.- Documentación obrante nos expedientes administrativos.

A continuación, analízase o historial de actuacións de cada un dos expedientes relacionados co Departamento de Turismo nos que interveu a guía turística desde o 2018, exercicio no que se implementa a Plataforma de Tramitación electrónica da Deputación da Coruña (TEDEC).

(DOCUMENTO 11)

Nº EXPTE	TÍTULO
2018/X998/000005	Procedemento tramitación simplificada - Solicitude de financiamento a Deputación Provincial da Coruña para o Plan de dinamización turística do Concello de Laxe para o ano 2018
2018/X998/000024	Procedemento tramitación simplificada - SOLICITUDE ANTE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA DE INSTALACIÓN DE DOUS PANEIS LED INFORMATIVOS
2018/X999/000014	Procedemento xenérico - I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA_MOITOMÁISQUEPEDRAS
2018/X999/000049	Procedemento xenérico - PAISAXE PROTEXIDA DOS PENEDOS DE PASARELA E TRABA -

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2018/X999/000053	ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS Procedemento xenérico - PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO DA COSTA DA MORTE
2019/A002/000002	Convocatoria subvenciones - Convocatoria subvenciones
2019/A008/000028	Tramitación de subvenciones - RESOLUCIÓN DO 5 DE ABRIL DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2019
2019/A008/000037	Tramitación de subvenciones - TURISMO. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA FESTA DO NAUFRAXIO DE LAXE PARA O ANO 2020
2019/C002/000027	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO DE CALENDARIOS DE SOBREMESA E SOBRES
2019/C005/000003	Contratación de subministros - CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO DE VALLAS PARA CONTROL DE EVENTOS E PEATÓNS
2019/X998/000002	Procedemento tramitación simplificada - ADHESIÓN DESTE CONCELLO AO PROXECTO PARA O DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DO ANLLÓNS
2019/X998/000075	Procedemento tramitación simplificada - COMUNICACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E CAMBIOS DE CATEGORÍA NO REXISTRO DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS DE GALICIA (REAT)
2019/X998/000085	Procedemento tramitación simplificada - FESTUR 2020
2019/X998/000209	Procedemento tramitación simplificada - DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á CANDIDATURA DA COSTA DA MORTE COMO RESERVA MUNDIAL DO SURF
2019/X998/000210	Procedemento tramitación simplificada - TURISMO. DOCUMENTACIÓN DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE LAXE AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA
2019/X999/000005	Procedemento xenérico - SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO PARA PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DO CONCELLO DE LAXE 2019
2019/X999/000010	Procedemento xenérico - AUTORIZACIÓN E CESIÓN DE FOTOS A FAVOR DESTE CONCELLO
2019/X999/000011	Procedemento xenérico - ACTIVIDADES COMERCIO E HOSTALERÍA 2019
2019/X999/000012	Procedemento xenérico - TREN TURÍSTICO 2019
2019/X999/000013	Procedemento xenérico - DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO RELAXESE 2019
2019/X999/000015	Procedemento xenérico - CARACTERIZACIÓN DA DEMANDA TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE NO VERÁN 2018
2019/X999/000022	Procedemento xenérico - COMUNICACIÓNS RELATIVAS Ó REXISTRO DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS (REAT) DE GALICIA - ANO 2019
2020/A006/000003	Tramitación de convenios - TRAMITACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE E O CONCELLO DE VIMIANZO POLO QUE SE INSTRUMENTA O FINANCIAMENTO DA "CREACIÓN DUNHA RUTA DE SENDEIRISMO POLA PAISAXE PROTEXIDA DOS PENEDOS DE PASARELA E TRABA"
2020/A007/000005	Tramitación subvenciones nominativas - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA EXTERIOR NO PUNTO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA
2020/A008/000006	Tramitación de subvenciones - TURISMO. CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA AS OFICINAS DE TURISMO NO EXERCICIO 2020
2020/A008/000013	Tramitación de subvenciones - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ANTE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA A CONRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DO ANO 2020
2020/C002/000027	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO DE CALENDARIOS DE SOBREMESA 2021 E SOBRES AMERICANOS
2020/E01/000003	Convocatoria selección persoal - CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 INFORMADORES TURÍSTICOS, DURANTE 4 MESES, PARA A ATENCIÓN DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA, PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DIRIXIDO A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50 000 HABITANTES PARA FINANCIAR O GASTO DE PERSONAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O EXERCICIO 2020
2020/X998/000010	Procedemento tramitación simplificada - FESTUR 2020
2020/X998/000057	Procedemento tramitación simplificada - CARTA DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA) AO PROGRAMA XACOBEO EN CAMIÑO 2020
2020/X998/000072	Procedemento tramitación simplificada - ADHESIÓN Á "REDE GALEGA DE PRAIAS SEN FUME" ANO 2020
2020/X999/000074	Procedemento xenérico - DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE LAXE SOBRE A CONSTITUCIÓN DA COSTA DA MORTE COMO RESERVA LOCAL DE SURF
2021/A006/000003	Tramitación de convenios - ADHESIÓN AO CONVENIO PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2021/A008/000016	Tramitación de subvenciones - SOLICITUDE DE AXUDA AUTONÓMICA PARA O PROXECTO DENOMINADO "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DAS ZONAS PERCEBEIRAS DO CONCELLO DE LAXE"
2021/A008/000024	Tramitación de subvenciones - PROGRAMA DE SUBVENCIONS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DO GASTO DE PERSOAL DO PUNTO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NO ANO 2021
2021/C002/000006	Contrato menor - SUBMINISTRO DE TÓNERO NEGRO PARA IMPRESORA BROTHER SITUADA NO SEGUNDO ANDAR DA CASA DO CONCELLO
2021/C002/000013	Contrato menor - SUBMINISTRO DE CARTUCHOS DE TINTA PARA IMPRESORA BROTHER SITUADA NO PUNTO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (PASEO MARÍTIMO)
2021/C002/000031	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO DO SERVIZO DE INSERCIÓN PUBLICITARIA EN EL IDEAL GALLEGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO FUTUR 2021
2021/C002/000036	Contrato menor- DISEÑO E ILUSTRACIÓN DUN FOLLETO INFORMATIVO SOBRE A PAISAXE PROTEXIDA DOS PENEDOS DE PASARELA E TRABA
2021/C002/000050	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A ADXUDICACIÓN DOS SUBMINISTROS CONTEMPLADOS NO LOTE III- ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO DO PROXECTO DE MELLORA DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS DO MUSEO DO MAR DE LAXE.
2021/C002/000051	Contrato menor - CONTRATO DE SUBMINISTRO DE VINILO EXTERIOR PARA O PUNTO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA
2021/C002/000058	Contrato menor- CONTRATO DE SUBMINISTRO DE VINILO EXTERIOR SITUADO NO PASEO MARÍTIMO PARA O MUSEO DO MAR, E CINCO SINAIS DIRECCIONAIS DE RUTAS DE SENDEIRISMO
2021/C002/000075	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA O PROXECTO PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DAS ZONAS PERCEBEIRAS DO CONCELLO DE LAXE
2021/C002/000106	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN PUBLICITARIA NA GUÍA 20XVINTE COSTA DA MORTE
2021/C002/000110	Contrato menor- CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO DE 1.300 CALENDARIOS 2022 E 1.500 SOBRES
2021/C002/000117	Contrato menor- CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO DE 20 CARTEIS DESTINADOS Á CAMPAÑA BLACK FRIDAY 2021
2021/C002/000129	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA REPORTAXE TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE NA EDICIÓN NÚMERO 49 DA REVISTA LA ALACENA ROJA
2021/C002/000131	Contrato menor - SUBMINISTRO DE 40 CARTEIS DESTINADOS Á CAMPAÑA DE NADAL 2021 NO COMERCIO DE LAXE
2021/C002/000132	Contrato menor - SUBMINISTRO DE 1.300 POSTAIS DE FELICITACIÓN DO NADAL 2021 E 1.300 SOBRES
2021/E001/000004	Convocatoria selección persoal - Contratación de persoal para o Punto Municipal de Información Turística no ano 2021
2021/U001/000009	Certificado urbanístico - EMISIÓN DE CERTIFICADO URBANÍSTICO DAS PARCELAS SOBRE AS QUE SE PRETENDE A ACTUACIÓN "PERCEBE LAXE", A PETICIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
2021/X998/000405	Procedemento tramitación simplificada- FESTUR 2021
2021/X998/000458	Procedemento tramitación simplificada - DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE E ENTREGA DE MATERIAL TURÍSTICO
2021/X998/000719	Procedemento tramitación simplificada - CANDIDATURA DA PRAIA DE LAXE Á BANDEIRA AZUL 2022
2021/X999/000020	Procedemento xenérico - PROXECTO "PERCEBE LAXE - CABANA DE BERGANTIÑOS" - ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS
2021/X999/000035	Procedemento xenérico - SOLICITUDE DE INFORMACIÓN ENP PENEDO, PASARELA E TRABA
2021/X999/000085	Procedemento xenérico - FASE DE XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE PARA O FINANCIAMENTO DE "MELLORA DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS DO MUSEO DO MAR DE LAXE"
2022/A007/000001	Tramitación subvenciones nominativas - TRAMITACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA ANTE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O "PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTIVOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022"
2022/A008/000020	Tramitación de subvenciones - PROGRAMA DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA A CONCELLOS E AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA A FINANCIACIÓN DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O EXERCICIO 2022
2022/C002/000007	Contrato menor- CONTRATO MENOR DE INSPECCIÓN DA RUTA DE SENDEIRISMO POLOS PENEDOS DE PASARELA E TRABA
2022/C002/000013	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE INSERCIÓN PUBLICITARIA NO MONOGRÁFICO O GRAN CAMIÑO PUBLICADO POLO XORNAL LA VOZ DE GALICIA
2022/C002/000022	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN PUBLICITARIA NO ESPECIAL INFORMATIVO DE SEMANA SANTA 2022 DO GRUPO LA CAPITAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2022/C002/000025	Contrato menor - ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN PUBLICITARIA NO ESPECIAL INFORMATIVO DE SEMANA SANTA 2022 DE LA VOZ DE GALICIA
2022/C002/000032	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA USO DO TREN TURÍSTICO OS DÍAS 14 E 15 DE MAIO DE 2022
2022/C002/000033	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN DE CUÑAS PUBLICITARIAS EN ONDA COMUNICACIÓN S.C. CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DUNHA RUTA DE PINCHOS OS DÍAS 14 E 15 DE MAIO DE 2022
2022/C002/000034	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE IMPRENTA DESTINADO Á ORGANIZACIÓN DUNHA RUTA DE PINCHOS OS DÍAS 14 E 15 DE MAIO DE 2022
2022/C002/000042	Contrato menor - ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN DE CUÑAS PUBLICITARIAS EN ONDA COMUNICACIÓN S.C. CON MOTIVO DA ASISTENCIA A FESTUR 2023
2022/C002/000043	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA DISEÑO E IMPRESIÓN DUNHA LONA PUBLICITARIA CON MOTIVO DA ASISTENCIA A FESTUR 2022
2022/C002/000072	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO E SUMINISTRO TEMPORAL DE PALOMITERO DURANTE AS PROXECCIONS DE PELÍCULAS FAMILIARES PROGRAMADAS DURANTE O MES DE AGOSTO DO 2022
2022/C002/000098	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CARTEIS DESTINADOS A ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022
2022/C002/000099	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CUÑAS PUBLICITARIAS DESTINADAS A DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022
2022/C002/000100	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL FOTOGRÁFICO E VÍDEOS DESTINADOS A ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022
2022/C002/000101	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022: CELEBRACIÓN DO SAMAIÑ
2022/C002/000102	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022: CELEBRACIÓN DUN CICLO DE CONCERTOS MUSICAIS NAS IGREXAS PARROQUIAIS
2022/C002/000103	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022: CELEBRACIÓN DUNHA XORNADA DE ASTRONOMÍA PARTICIPATIVA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA
2022/C002/000104	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022: CELEBRACIÓN DUN CURSO DE XADREZ
2022/C002/000105	Contrato menor - CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE AUTOBÚS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022: CELEBRACIÓN DUNHA RUTA TURÍSTICA MICOLÓXIA PARA O SÁBADO 22 DE OUTUBRO
2022/C002/000109	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022: SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL DO MAGOSTO
2022/C002/000117	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DENTRO DO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022: INSERCIÓN PUBLICITARIA NA GUÍA 20XVINTE A CORUÑA
2022/C002/000119	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CALENDARIOS, TARXETAS DE FELICITACIÓN E SOBRES, PARA ENVÍO A DOMICILIO NO NADAL DO ANO 2022
2022/C002/000131	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN PUBLICITARIA NA EDICIÓN ESPECIAL "PROGRAMACIÓN ACTOS NADAL" 2022 DE LA VOZ DE GALICIA
2022/C002/000133	Contrato menor - CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CARTEIS E PARTICIPACIÓNS PARA A CAMPAÑA DE COMERCIO DO NADAL 2022
2022/D003/000003	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE RESERVA DE SALA DE CONFERENCIAS O DÍA 22/04/2022 DE 17.00 A 19.00 HORAS
2022/D006/000001	Programación turística - ADHESIÓN DO CONCELLO DE LAXE Á "DECLARACIÓN SOBRE A DEFENSA DO CEO NOCTURNO E O DEREITO Á LUZ DAS ESTRELAS" - DESTINO STARLIGHT
2022/D006/000002	Programación turística - CANDIDATURA DA PRAIA DE LAXE Á BANDEIRA AZUL 2023
2022/E001/000002	Convocatoria de selección persoal - CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA A CONCELLOS E AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2022/X006/000044	HABITANTES PARA A FINANCIACIÓN DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O EXERCICIO 2022 Resposta electrónica - CLASIFICACIÓN SANITARIA FINAL DAS ZONAS DE BAÑO QUE SERÁ VIXENTE PARA A TEMPADA 2022
2022/X006/000098	Resposta electrónica - ACHEGA DE CERTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO Á CMAT
2022/X998/000150	Procedemento tramitación simplificada - PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LAXE EN FESTUR 2022 COA FESTA DO NAUFRAXIO
2022/X998/000169	Procedemento tramitación simplificada - CONTINUIDADE DO CONCELLO DE LAXE NA REDE GALEGA DE PRAIAS SEN FUME DA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA A ANULIDADE 2022
2022/X998/000170	Procedemento tramitación simplificada - ORGANIZACIÓN DUNHA RUTA DE PINCHOS EN MAIO DO ANO 2022
2023/A006/000001	Tramitación de convenios - RENOVACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE
2023/A006/000004	Trámite de convenios - TRAMITACIÓN DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE FINANCIERA ABANCA PARA O APOIO Á PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DO NAUFRAXIO DE LAXE 2023
2023/A007/000001	Tramitación de subvenciones nominativas - TRAMITACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA ANTE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA O PROXECTO DE "ACTIVIDADES CON ATRACTIVO TURÍSTICO NO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2024"
2023/A008/000010	Tramitación de subvenciones - RESOLUCIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2022 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCARIA POR ANTICIPADO DE GASTO PARA O ANO 2023 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TU500A) NAUFRAXIO DE LAXE 2023
2023/A008/000020	Tramitación de subvenciones - PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A CONCELLOS E AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA A FINANCIACIÓN DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O EXERCICIO 2023
2023/A008/000023	Tramitación de subvenciones - RESOLUCIÓN DO 9 DE FEBREIRO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS E SE ANUNCIA A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TU503D): PROXECTO TÉCNICO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO EN EL CONTORNO DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS DEL CONCELLO DE LAXE
2023/A008/000028	Tramitación de subvenciones - RESOLUCIÓN DO 14 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS DE EMBELECEMENTO DO LITORAL GALEGO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TU503G): APLICACIÓN EN REALIDADE AUMENTADA CON XEOPOSOCIONAMENTO PARA A DIXITALIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS PATRIMONIAIS E TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE
2023/A008/000040	Tramitación de subvenciones - PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A CONCELLOS E AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO NO ANO 2024 (DP0029/2024)
2023/C002/000005	Contrato menor- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN PUBLICITARIA NA REVISTA TURISMO CORUÑA NÚM. 10 A ÁRTABRA COMUNICACIÓN
2023/C002/000024	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A ACTUACIÓN MUSICAL NA IGREXA DE SANTA MARÍA DA ATALAIA EN SEMANA SANTA 2023
2023/C002/000040	Contrato menor - ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN DE CUÑAS PUBLICITARIAS EN ONDA COMUNICACIÓN S.C. CON MOTIVO DOS ACTOS DE SEMANA SANTA 2023
2023/C002/000041	Contrato menor - ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN PUBLICITARIA NO ESPECIAL INFORMATIVO DE EDITORIAL LA CAPITAL CON MOTIVO DOS ACTOS DE SEMANA SANTA 2023
2023/C002/000042	Contrato menor - ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA DISEÑO E IMPRESIÓN DE LONAS PUBLICITARIAS DA SEMANA SANTA 2023
2023/C002/000046	Contrato menor - ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓNS PUBLICITARIAS NO XORNAL LA VOZ DE GALICIA CON MOTIVO DOS ACTOS DE SEMANA SANTA 2023
2023/C002/000049	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA COBERTURA FOTOGRÁFICA E VIDEOGRÁFICA DOS ACTOS DA SEMANA SANTA 2023
2023/C002/000064	Contrato menor - ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA ACTUACIÓN MUSICAL DA ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE CEE O 17 DE AGOSTO DE 2023
2023/D003/000080	Reserva de instalación -SOLICITUDE DO CPI PLURILINGUE CABO DE AREA DA PARRILLA PARA ASAR CASTAÑAS OS DÍAS 9 E 10 DE NOVEMBRO CO FIN DE CELEBRAR O MAGOSTO CO ALUMNADO DO CENTRO
2023/A003/000005	Solicitude subvencións - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA FESTAS PATRONAIS E POPULARES DE LAXE POR MIGUEL ÁNGEL LEMA POSE EN NOME DA ASOCIACIÓN MUIÑO DO VENTO DE LAXE
2023/D003/000082	Reserva de instalación -SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE ASADOR DE CASTAÑAS MUNICIPAL PARA O DÍA 19/11/2023 POR PARTE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA ABELLARIZA
2023/D003/000083	Reserva de instalación -SOLICITUDE DE USO DE LOCAL MUNICIPAL: SALÓN DE ACTOS E POLIDEPORTIVO POLA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE LAXE PARA OS DÍAS 10 DE NOVEMBRO E 8, 9 E 10 DE DECEMBRO DE 2023
2023/D003/000084	Reserva de instalación -SOLICITUDE DE USO DE LOCAL MUNICIPAL: PARA ENSAIOS DE GRUPO DE GAITA OS MÉRCORES DE 21.00 A 2.00 HORAS POR PARTE DE JOSÉ MANUEL URCEIRA SANTISO
2023/C002/000122	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESPRAZAMENTO EN AUTOBÚS DURANTE A SAÍDA MICOLÓXICA DO DÍA 18 DE NOVEMBRO DO 2023
2023/D004/000005	Programación cultural - XII MAGOSTO E MOSTRA DE ARTESANÍA DO CONCELLO DE LAXE A CELEBRAR O 25/11/2023
2023/C002/000133	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A CONTRATACIÓN DE INCHABLES E ANIMACIÓN DURANTE A CELEBRACIÓN DO MAGOSTO DO 2023
2023/X006/000043	Resposta electrónica - OFICIO DA ALCALDÍA ÁS ASOCIACIÓNS DO CONCELLO INFORMANDO DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACION DA CORUÑA PARA O ANO 2024
2023/A003/000007	Solicitude subvencións - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A NOME DE ALFREDO AGUIAR PAZ PARA FESTAS ORGANIZADAS POLA ASOCIACIÓN CULTURAL AS QUENLLAS EN SOESTO DURANTE O ANO 2023
2023/D003/000086	Reserva de instalación -SOLICITUDE DE SALÓN DE ACTOS PARA ENSAIO DE TEATRO DE DONA MATILDE MONTÁNS SANTOS
2023/D003/000087	Reserva de instalación -SOLICITUDE DE SALÓN DE ACTOS PARA O DÍA 24/11/2023 PARA A PROXECCIÓN DUN DOCUMENTAL E POSTERIOR COLOQUIO POR PARTE DE FERNANDO DEL MORAL REGALDIE
2023/D003/000088	Reserva de instalación -SOLICITUDE DE USO DO LOCAL SOCIAL VALLE INCLÁN PARA ENSAIO GRUPO DE PANDERETAS ANDORA POR MATILDE MONTÁNS, OS SÁBADOS Á TARDE
2023/A004/000002	Convocatoria subvencións nominativas - CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS ÁS FAMILIAS OU ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ORGANIZADORAS DE FESTAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2023/A004/000003	POPULARES E FESTEXOS NO CONCELLO DE LAXE DURANTE O ANO 2023 Convocatoria subvencións nominativas- CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA SD LAXE 2023
2023/A003/000008	Solicitud subvencións – SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA FESTAS 2023 POR PARTE DA ASOCIACIÓN PEDRA FURADA
2023/A003/000009	Solicitud subvencións – SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA FESTAS DURANTE O ANO 2023 POR PARTE DA COMISIÓN DE FESTAS DE TRABA
2023/A003/000010	Solicitud subvencións – SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PARA FESTAS DURANTE O ANO 2023 POR PARTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL RÍO DOS CABALOS PARA FESTAS DE SERANTES
2023/D003/000089	Reserva de instalación –SOLICITUDE DE USO DO LOCAL SOCIAL DE TRABA PARA UNHA REUNIÓN O 9 DE DECEMBRO DE 2023 A NOME DE MARÍA MARTELO CORZÓN
2023/D004/000006	Programación cultural – PROGRAMACIÓN CULTURAL DE NADAL
2023/C002/000139	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DE PROYECCIÓN DE PELÍCULA O XOVES 7 DE DECEMBRO DO 2023 COMO ACTIVIDADE INCLUÍDA NA PROGRAMACIÓN DE NADAL
2023/V011/000034	Autorización ocupación vía pública – SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA POÑER UN POSTO DE VENDA O ALUMNADO DE 4º DA ESO NA PRAZA DOS VOLUNTARIOS O VINDEIRO VENRES 8 DE DECEMBRO POR PARTE DE MARIA SOL TOUZAS MIÑONES
2023/C002/000140	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE CHOCOLATE CON CHURROS PARA O DÍA DO ACENDIDO DAS LUCES DE NADAL DO CONCELLO DE LAXE O VINDEIRO VENRES 8 DE DECEMBRO
2023/D003/000090	Reserva de instalación –RESERVA DE INSTALACIÓN: SOLICITUDE DO LOCAL SOCIAL VALLE INCLÁN O DÍA 15/12/2023 PARA REUNIÓN SINDICAL DE TRABALLADORES/AS DENDE AS 08.30 HORAS ATA O REMATE DA XORNADA POR ÁNGELA DEvesa VIDAL
2023/X999/000038	Procedemento xenérico – III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADA DO ANO 2023
2023/C002/000145	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE CONOS DE LAMBETADAS VARIADAS PARA A VISITA DE PAPÁ NOEL O MARTES 19 DE DECEMBRO
2023/C002/000146	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A CONTRATACIÓN DE CANÓN DE NEVE PARA A VISITA DE PAPÁ NOEL E OS REIS MAGOS Ó CPI CABO DE AREA E ESCOLA DE TRABA O MARTES 19 E MÉRCORES 20 DE DECEMBRO DO 2023
2023/D003/000092	Reserva de instalación –SOLICITUDE A NOME DE MARIA SOL TOUZAS MIÑONES PARA PODER POÑER UN POSTO DE VENDA DE REFRESCOS, CHOCOLATE, CAFÉ E COMIDA Ó ALUMNADO DE SECUNDARIA DO CPI DURANTE A TARDE DO DÍA 17/12/2023
2023/D003/000093	Reserva de instalación –SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DO SALÓN DE ACTOS O DÍA 22/12/2023, DNEDE ÁS 15.00 H ATA AS 22.10 H APROX. O DÍA A NOME DE MARIA SOL TOUZAS MIÑONES PARA ACTIVIDADE DE CINE DE NADAL DO ALUMNADO DE 4º DE ESO DO CPI CABO DE AREA
2023/D003/000095	Reserva de instalación –SOLICITUDE DE USO DO LOCAL SOCIAL DE TRABA PARA UNHA XUNTANZA DOS VECIÑOS O DÍA 17/12/2023 EN HORARIO DE 13 A 20 H A NOME DE SANDRA MOUZO POSE
2023/C002/000148	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE 9 AGASALLOS PARA AS AGRUPACIÓN QUE PARTICIPARÁN NO FESTIVAL DE PANXOLIÑAS E O III CERTAME DE ESCAPARATES DO NADAL 2023
2023/C002/000150	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA REALIZAR CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN OS DÍAS 26, 27, 28 E 29 DE DECEMBRO E 2, 3 E 4 DE XANEIRO
2023/C002/000151	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DE SERVIZOS DE ANIMACIÓN E OBRADOIROS E INCHABLES NA TARDE DO 5 DE XANEIRO DO 2024, VÉSPERA DE REIS
2023/C002/000152	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DE SESIÓN DE FOGOS DE ARTIFICIO A TARDE DO 5 DE XANEIRO DO 2024 Á CHEGADA DOS REIS MAGOS Ó PAVILLÓN POLIDEOIRTIVO DESPOIS DE REALIZAR A CABALGATA DE REIS
2023/C002/000153	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE 60 LITROS DE CHOCOLATE E 30 ROSCÓNS DE REIS PARA A FESTA INFANTIL DA TARDE DO 5 DE XANEIRO DO 2024-VÉSPERA DE REIS
2023/D003/000102	Reserva de instalación –SOLICITUDE DE SALÓN DO MUSEO DO MAR POR PARTE DE FERNANDO DEL MORAL REGALDIE PARA A TARDE DO 16 DE FEBREIRO A PARTIR DAS 17.00 H
2024/D003/000061	Reserva de instalacións – SOLICITUDE DE USO DO LOCAL SOCIAL DE TRABA
2024/X999/000032	XVIII CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA
2024/V011/000013	Autorización ocupación vía pública – SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DA PRAZA RAMON JUEGA OU PRAZA DOS VOLUNTARIOS PARA A MONTAXE DO XI MERCADO PIRATA EN LAXE
2024/A008/000014	Tramitación de subvencións – BASES REGULADORAS DA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E CONVOCATORIA PARA O 2024
2024/V011/000031	Autorización ocupación vía pública – SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DUNHA MESA INFORMATIVA A PARTIR DAS 10.00H NA PRAZA DOS VOLUNTARIOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2024/X998/000179	Procedemento tramitación simplificada - SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA COLOCACIÓN DE EXPOSICIÓN TEMPORAL DE MOSAICOS DE TEMÁTICA CAMBIANTE NO PASEO MARÍTIMO
2024/R004/000003	Registro municipal de asociación - SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN DA ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE NENOS E ADULTOS CON NECESIDADES ESPECIAIS RAIÑOS DE SOL
2024/V011/000032	Autorización ocupación vía pública - SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE VIA PUBLICA PARA INSTALACIÓN DE CIRCO PRIN NA EXPLANADA XUNTO A GASOLINERA OU USO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO
2024/X006/000037	Resposta electrónica e outras comunicacións - OFERTA DE ACTIVIDADE DE MIRANDA PRODUCTIONS, SL: MARÍA DO CEO, INCLUÍDA NA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL
2024/D003/000057	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE RESERVA DE LOCAL MUNICIPAL POLA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE PERCEBEIROS E PERCEBEIRAS DE GALICIA
2024/D003/000053	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE RESERVA DO SALÓN DE ACTOS CULTURAIS PARA O 05/07/2024
2024/D003/000054	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO SOCIAL DE TRABA PARA O 20/07/2024
2024/V011/000026	Autorización ocupación vía pública - SOLICITUDE DE OCUPACIÓN PARA POÑER MESA INFORMATIVA O 5 DE XULLO NA PRAZA DOS VOLUNTARIOS
2024/D003/000052	Reserva de instalación - RESERVA DE INSTALACIÓN: PISTA DE PÁDEL
2024/X006/000035	Resposta electrónica e outras comunicacións - SOLICITUDE DE USO DO CAMPO DA FESTA DE MATIO PARA O DÍA 06/07/2024 PARA REALIZACIÓN DE ENCONTRO VECIÑAL
2024/X999/000005	Procedemento Xenérico- V CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR DILLO BEN BONITO EN LAXE 2024
2024/A008/000006	Tramitación de subvencións - TRAMITACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DE INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS (CT211B)
2024/C002/000060	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA REALIZACIÓN DE SESIÓN DE FESTA DA ESCUMA O 22 DE XUÑO COMO REMATE DAS FESTAS DE BENVIDA O VERÁN 2024
2024/C002/000046	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA REALIZACIÓN DE ESPECTACULO DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO O 26 DE XULLO DO 2024
2024/C002/000059	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA REALIZACIÓN DE SESIÓN DE FOGOS DE ARTIFICIO O 22 DE XUÑO NO MARCO DA CELEBRACIÓN DA FESTA DO VERÁN 2024
2024/C002/000058	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA REALIZACIÓN DO SERVIZO DE 4 H. DE MÚSICA EN DIRECTO DINAMIZADA POLO DJ DREW KORMÉ O 22 DE XUÑO DE 2024
2024/C002/000057	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA ACTUACIÓN CIRCENSE CON MALABARES DE LUME O 22 DE XUÑO DE 2024
2024/D004/000006	Programación cultural - PROGRAMACIÓN CULTURAL: FESTA DE BENVIDA Ó VERÁN O 22 DE XUÑO DE 2024
2024/X999/000027	Procedemento Xenérico- IV CERTAME FOTOGRÁFICO FAMILIAR: TEMPOS DE LECER LAXEIROS EN FAMILIA 2024
2024/D003/000045	Reserva de instalacións - RESERVA DE INSTALACIÓNS: SOLICITUDE DO LOCAL SOCIAL DE TRABA DO 28/06/2024 A 30/06/2024 PARA COMIDA DE SOCIOS DA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE LAXE
2024/V011/000023	Autorización ocupación vía pública - SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CENTRO CRISTIANO DE LAXE PARA A INSTALACIÓN DUNHA MESA INFORMATIVA OS SÁBADOS DOS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO
2024/D003/000044	Reserva de instalacións - RESERVA DE INSTALACIÓNS: MUSEO DO MAR DE LAXE PARA PRESENTACIÓN DE NOVELA O DÍA 29/06/2024
2024/D003/000046	Reserva de instalacións - RESERVA DE INSTALACIÓNS: LOCAL SOCIAL DE TRABA O 8/06/2024 PARA REUNIÓN
2024/V011/000022	Autorización ocupación vía pública - SOLICITUDE DE TOMA DE CORRENTE A PARTIR DAS 16.00 H DO DÍA 02/06/2024 PARA ACTIVIDADE AO LADO DA PISCINA
2024/X999/000028	Procedemento Xenérico - VI CERTAME A MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN 2024
2024/C002/000037	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS COMO AGASALLO ÁS LECTORAS DO ANO 2023 DA BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTÓN ZAPATA A ENTREGAR NO 2024
2024/C002/000045	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ANIMACIÓN E INCHABLES CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO PEÑÓN
2024/C002/000044	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA PUBLICACIÓN EN PRENSA, NO DIARIO DE BERGANTIÑOS, DO ESPECTÁCULO PROGRAMADO POLAS LETRAS GALEGAS 2024
2024/D004/000005	Programación cultural - PROGRAMACIÓN CULTURAL DO MES DE MAIO: DÍA INTERNACIONAL FAMILIAS, DÍA DAS LETRAS GALEGAS E DÍA DO PEÑÓN 2024
2024/D004/000004	Programación cultural - PROGRAMACIÓN CULTURAL MES DE ABRIL: PRESENTACIÓN DO LIBRO LAS CUEVAS DE SOLIMAN, SOBES AO AUTOBÚS DO TEATRO EN COMPOSTELA E DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO
2024/D003/000036	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE RESERVA DE INSTALACIÓNS: LOCAL SOCIAL DE TRABA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2024/D003/000035	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE RESERVA DE INSTALACIÓN: LOCAL SOCIAL DE SOESTO PARA O 27/04/2024
2024/D003/000037	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DA TORRE COMO LOCAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES E EVENTOS POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS/AS DE SARCES
2024/X998/000098	Procedemento tramitación simplificada - SOLICITUDE DE COLABORACIÓN MUNICIPAL DA ASOCIACIÓN DE MAR DE FÁBULA PARA COLOCACIÓN DE 2 CONTEDORES PARA O 28/04/2024, PRAIA DE TRABA, PARA XORNADA LIMPEZA DE PRAIAS QUE REALIZA EN COLABORACIÓN COA EMPRESA DE BEBIDAS REFIX
2024/X999/000009	Procedemento Xenérico - III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS. LAXEENTROIDO 2024
2024/D004/000002	Programación cultural - PROGRAMACIÓN CULTURAL 27 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DO TEATRO. ACTUACIÓN: BOA SORTE, MALA FAMA, DE TARABELA CREATIVA, SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA
2024/R004/000002	Registro municipal de asociación - SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS DE SARCES, CONSTITUÍDA EN NOVENBRO DO ANO 2023
2024/D003/000027	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DO LOCAL SOCIAL VALLE INCLÁN POR PARTE DE NÁUTICA GOLFINO, SL PARA IMPARTIR PARTE TEÓRICA CURSO NAVEGACIÓN O 10 DE MARZO
2024/D003/000033	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE RESERVA DE INSTALACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE TRABA PARA O 20 DE ABRIL DO 2024 POR PARTE DAS AMAS DE CASA
2024/D003/000034	Reserva de instalacións -RESERVA DE INSTALACIÓN: SOLICITUDE DE USO DO LOCAL SOCIAL DE TRABA PARA O 13/04/2024
2024/X999/000018	Procedemento Xenérico - IV CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA
2024/C002/000032	Contrato menor - CONTRATO MENOR: ADQUISICIÓN DE 3 OVOS DE PASCUA DE CHOCOLATE COMO AGASALLO PARA OS GANADORES DO IV CERTAME DE OVOS DE PASCUA DO 2024
2024/C002/000006	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA O DESEÑO E IMPRESIÓN DAS CARTELERÍAS DO V CERTAME DILLO BEN BONITO E DO ENTROIDO DO 2024
2024/R004/000001	Registro municipal de asociación - SOLICITUDE DE BAIXA DA ASOCIACIÓN TRIKITRAKES DE LAXE E ENTREGA DE CHAVES DO LOCAL ASIGNADO Á DITA ASOCIACIÓN
2024/D003/000024	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DO LOCAL SOCIAL DE APLAZADOIRO OS DÍAS 1 E 2 DE MARZO
2024/D003/000025	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DO LOCAL SOCIAL DE SOESTO O DÍA 1 DE MARZO
2024/D003/000026	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DO LOCAL SOCIAL DE TRABA PARA REALIZACIÓN DE BAILE SOCIAL OS DÍAS 16 E 17 DE MARZO DE 2024 ORGANIZADO POLAS AMAS DE CASA
2024/X999/000006	Procedemento xenérico - IV CERTAME DE ESCAPARATES ENTROIDEIROS E I CERTAME DE ESCAPARATES DE NAMORADEIROS
2024/C002/000016	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA REALIZACIÓN DE FOGOS DE ARTIFICIO O SÁBADO 17 DE FEBREIRO DURANTE A CELEBRACIÓN DO ENTERRO DO CAETANO
2024/C002/000015	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN MUSICAL O 17 DE FEBREIRO DE 2024 NA ACTIVIDADE DO ENTERRO DO CAETANO: LATEXO PERCUSIÓN
2024/C002/000011	Contrato menor - CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN MUSICAL O 17 DE FEBREIRO DE 2024 NA ACTIVIDADE DO ENTERRO DO CAETANO: PEQUE DISCO DE MOC MOC MERECLOWN
2024/V011/000005	Autorización ocupación vía pública - SOLICITUDE DE PERMISO PARA INSTALAR POSTO DE COMIDA RÁPIDA NO ENTROIDO DE LAXE
2024/D003/000016	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DUNHA MESA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO PARA PODER VENDER PRODUCTOS CO FIN DE RECADAR CARTOS EXCURSIÓN 4º ESO NA CELEBRACIÓN DO ENTROIDO
2024/D004/000001	Programación cultural - PROGRAMACIÓN CULTURAL FEBREIRO 2024: ENTROIDO E DÍA DOS NAMORADOS
2024/D003/000007	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DA PRAZA DE RAMÓN JUEGA EN HORARIO DE 9.30 A 12.50 H E DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO COMO ALTERNATIVA, POR PARTE DO CPI PLURILINGUE CABO DE AREA PARA CELEBRACIÓN DO ENTROIDO
2024/D003/000010	Reserva de instalacións - RESERVA DE INSTALACIÓN: LOCAL SOCIAL DE TRABA OS DÍAS 24 E 25 DE FEBRIEIO PARA CEA BAILE
2024/D003/000009	Reserva de instalacións - RESERVA DE INSTALACIÓN: SOLICITUDE DO MUSEO DO MAR DE LAXE PARA ACTO CULTURAL DE INTERESE LITERARIO O 16/02/2024
2024/D003/000002	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE AULA DE MÚSICA PARA CLASE DE GUITARRA E ACORDEÓN
2024/D003/000003	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE USO DO LOCAL SOCIAL DE TRABA PARA BAILE SOCIAL E XANTAR DE ENTROIDO OS DÍAS 27 DE XANEIRO E 29 DE FEBREIRO, 1, 2 E 3 DE MARZO POR PARTE DA ASOCIACIÓN DAS AMAS DE CASA
2024/D003/000001	Reserva de instalacións - SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA PODER LEVAR

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

REFRESCOS E COMIDA PARA A SÚA POSIBLE VENDA NA FESTA INFANTIL DE REIS O DÍA 5 DE XANEIRO DE 2024

Analizadas as actuacións compróbase que, tanto as tarefas realizadas como a documentación elaborada, encádranse nas competencias profesionais dun ciclo superior en animación sociocultural e turística, sendo desproporcionada a esixencia dun grao universitario como requisito de participación no proceso selectivo.

*Analizados os expedientes despréndese que a actividade fundamental do animador/a cultural é a planificación da programación cultural anual. Esta programación comprende a realización de actividades ao longo do ano, como son o *Antroido, Semana Santa, programación de verán (actuacións de teatro, cinema, *Solpor poético, etc), programación de magosto e Nadal, así como tamén actividades de revitalización do comercio, entre outros. As funcións circunscríbense a xestionar espazos e equipamentos, establecer contacto co tecido asociativo municipal así como difundir os diferentes programas e actividades culturais.*

Trátase, fundamentalmente, de tarefas administrativas de trámite e colaboración, funcións de apoio técnico e xestión intermedia que requiren certo nivel de especialización, pero sen que se precise unha titulación universitaria para a súa desempeño.

As habilitacións profesionais, persoais e sociais do título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística (Real Decreto 1684/2011, do 18 de novembro) son suficientes para as tarefas, funcións e responsabilidades asignadas e efectivamente desempeñadas polo/a animador/a cultural deste Concello. Esta titulación foi a esixida para o ingreso e determinante das aptitudes e competencias do posto por ter unha correlación coas tarefas e funcións a desenvolver e efectivamente desempeñadas ao longo destes anos.

Real Decreto 1684/2011, de 18 de noviembre, por el que se establece el título de Técnico Superior en Animación Sociocultural y Turística y se fijan sus enseñanzas mínimas

Artículo 5. Competencias profesionales, personales y sociales.

Las competencias profesionales, personales y sociales de este título son las que se relacionan a continuación:

a) Obtener información, utilizando recursos, estrategias e instrumentos de análisis de la realidad, con el fin de adecuar la intervención sociocultural a las necesidades de las personas destinatarias y al contexto.

b) Elaborar proyectos de intervención sociocultural a partir de la información obtenida del contexto y las personas destinatarias, incorporando la perspectiva de género.

c) Dirigir la implementación de proyectos de intervención sociocultural, coordinando las actuaciones de los profesionales y voluntarios a su cargo, supervisando la realización de las actividades con criterios de calidad y facilitando el trabajo en equipo.

d) Diseñar espacios, estrategias y materiales de promoción y difusión de proyectos de intervención sociocultural, aplicando los avances tecnológicos del ámbito de la comunicación.

e) Organizar departamentos, programas y actividades de animación sociocultural y turística, gestionando la documentación y los recursos así como la financiación y el control del presupuesto asignado.

f) Crear, dinamizar y supervisar equipos de monitores/as en proyectos de intervención sociocultural, organizándolos en función de las actividades.

g) Diseñar, implementar y evaluar actividades lúdicas, culturales y físico-recreativas, seleccionando las estrategias metodológicas, organizando los recursos y manejando los equipos y medios técnicos necesarios para su desarrollo.

h) Proporcionar apoyo técnico, documental y logístico para la constitución y funcionamiento de grupos y asociaciones, capacitando a los participantes para la autogestión y facilitando las relaciones entre los diferentes agentes sociales.

i) Organizar y gestionar los servicios de información juvenil, realizando actividades de orientación, información y dinamización que atiendan las necesidades y demandas de las personas de este sector de población.

j) Diseñar, implementar y evaluar actividades socioeducativas dirigidas a la población juvenil, favoreciendo la igualdad de oportunidades y aplicando los principios de la educación no formal.

k) Dinamizar grupos, aplicando técnicas participativas y de dinamización, gestionando los conflictos y promoviendo el respeto y la solidaridad.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- l) Aplicar los protocolos establecidos en materia de primeros auxilios en situaciones de accidente o emergencia.*
- m) Realizar el control y seguimiento de la intervención con actitud autocrítica, aplicando criterios de calidad y procedimientos de retroalimentación para corregir las desviaciones detectadas.*
- n) Dar respuesta a posibles solicitudes, sugerencias y reclamaciones para cumplir sus expectativas y lograr su satisfacción, pudiendo usar una lengua extranjera.*
- ñ) Adaptarse a las nuevas situaciones laborales, manteniendo actualizados los conocimientos científicos, técnicos y tecnológicos relativos a su entorno profesional, gestionando su formación y los recursos existentes en el aprendizaje a lo largo de la vida y utilizando las tecnologías de la información y la comunicación.*
- o) Resolver situaciones, problemas o contingencias con iniciativa y autonomía en el ámbito de su competencia, con creatividad, innovación y espíritu de mejora en el trabajo personal y en el de los miembros del equipo.*
- p) Organizar y coordinar equipos de trabajo con responsabilidad, supervisando el desarrollo del mismo, manteniendo relaciones fluidas y asumiendo el liderazgo, así como aportando soluciones a los conflictos grupales que se presenten.*
- q) Comunicarse con sus iguales, superiores, clientes y personas bajo su responsabilidad, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitiendo la información o conocimientos adecuados y respetando la autonomía y competencia de las personas que intervienen en el ámbito de su trabajo.*
- r) Generar entornos seguros en el desarrollo de su trabajo y el de su equipo, supervisando y aplicando los procedimientos de prevención de riesgos laborales y ambientales, de acuerdo con lo establecido por la normativa y los objetivos de la empresa.*
- s) Supervisar y aplicar procedimientos de gestión de calidad, de accesibilidad universal y de «diseño para todos», en las actividades profesionales incluidas en los procesos de producción o prestación de servicios.*
- t) Realizar la gestión básica para la creación y funcionamiento de una pequeña empresa y tener iniciativa en su actividad profesional con sentido de la responsabilidad social.*
- u) Ejercer sus derechos y cumplir con las obligaciones derivadas de su actividad profesional, de acuerdo con lo establecido en la legislación vigente, participando activamente en la vida económica, social y cultural.*

Así, vistos os expedientes relacionados e considerando as competencias profesionais citadas anteriormente, pódese concluír que os coñecementos adquiridos a través dunha titulación de ciclo superior son plenamente válidos e suficientes para as tarefas, funcións e responsabilidades asignadas.

O anteriormente exposto xunto coa documentación adxunta á presente proposta, acredita que tanto as tarefas realizadas como a documentación elaborada relativa a estes dous postos de traballo, encádranse dentro das competencias profesionais dun ciclo superior, que requiren certo nivel de especialización, sendo desproporcionada a esixencia dun grao universitario para o seu desempeño.

No que respecta ao posto de guía turístico considerouse un ciclo superior como titulación suficiente para o desempeño das tarefas asignadas no momento da contratación, funcións que se mantiveron ao longo dos anos ata o momento actual, como se mostra na análise efectuada anteriormente, sen que deba terse en conta que o persoal que desempeña o posto posúa, na actualidade, unha titulación de grao universitario, superior á inicialmente requirida por ser totalmente innecesaria para as tarefas e responsabilidades desempeñadas.

No que respecta ao posto de animador cultural, como titulación mínima requirida para o desenvolvemento das súas funcións, esixiuse un técnico en animación sociocultural. As funcións e responsabilidades do posto mantéñense ao longo dos anos ata o momento actual, sendo totalmente innecesario para o desenvolvemento das mesmas a tenencia dunha titulación de grao universitario, sen prexuízo de que no seu día se admitise a titulación de diplomado en educación social para o acceso ao procedemento de selección.

Manter a regulación actual supoñería establecer unhas condicións de acceso concretas e individualizadas en atención unicamente ás condicións particulares do persoal que actualmente desempeña estes postos. No acceso á condición de persoal laboral da Administración o artigo 14 da CE impón a obriga de non esixir para o devandito acceso requisitos ou condicións que non sexan referibles aos principios de mérito e capacidade.

É dicir, dispoñer dunha titulación académica superior á requirida por ser esta a necesaria, non implica maior idoneidade para o desempeño do posto e tampouco pode supoñer unha vantaxe adicional, pois



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

supoñería un trato discriminatorio cara aspirantes que reunindo as condicións mínimas precisas, non tivesen a titulación académica superior de grao universitario.

Considerar do disposto no Ditame do Consello Consultivo nº209/2025 de 23 de xullo de 2025,

Visto o informe de secretaría-intervención de data 02/02/2026 sobre o procedemento e a normativa aplicable,

Atendendo ao disposto no art. 106.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas: “Artículo 106. Revisión de disposiciones y actos nulos.

1. Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1.”

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación o inicio deste expediente de Revisión de conforme ao disposto no artigo 22.2.j) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver o expediente Nº2025/E005/000004 de Revisión de oficio do acto de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023, iniciado por acordo plenario de data 17/03/2025, tralo ditame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia Nº 209/2025.

Segundo.- Iniciar o expediente Nº2026/E005/000002 para a Revisión de oficio do acto de aprobación das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023, en base á causa de nulidade prevista no art. 47.1.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, por lesionar os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, conculcando o artigo 14 da Constitución Española ao esixir como requisito de participación unha titulación inadecuada e desproporcionada á natureza propia das tarefas a realizar.

Terceiro.- Incorporar ao presente expediente todos os informe obrantes no expediente 2025/E005/000004.

Cuarto.- Suspender a execución do acto administrativo impugnado ata a recepción do Ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Quinto.- Notificar o inicio do procedemento ás persoas interesadas para que no prazo de dez días presenten as alegacións que consideren necesarias.

Sexto.- Comunicar este acordo á persoa titular da Secretaría Xeral do Consello Consultivo de Galicia.”

O sr. alcalde fai referencia á proposta e abre o debate.

Intervén dona María Cristina Vázquez del Prisco manifestando a súa disconformidade á proposta e cuestionando o empeño do Concello en rebaixar a categoría a dúas traballadoras que contan con titulación universitaria, ao tempo que recrimina os niveis actuais de turismo e cultura.

O sr. alcalde responde que as manifestacións realizadas pola concelleira do BNG están fora de lugar e defende que a pretensión é manter as categorías que tiñan ata agora as prazas. Insiste en que se trata de manter e non de rebaixar.

Dona María Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG fai referencia ao ditamen do Consello Consultivo sobre a anterior revisión e reprocha que o Concello se aproveite das súas titulacións para obter subvencións.

O sr. alcalde insiste en que se trata de manter a categoría que teñen.

Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS apoia o comentario do BNG e xustifica o voto en contra da proposta ao considerar que se poden estar cometendo presuntas irregularidades.

O sr. alcalde recrimínalle a súa afirmación e indica que o expediente está revisado por intervención.

De novo intervén don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS indicando que son presuntas.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Non habendo mais intervencións, sométese a votación o borrador anterior, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 5 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 3 [2 do BNG (dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 0

Queda por tanto, aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver o expediente N^o2025/E005/000004 de Revisión de oficio do acto de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023, iniciado por acordo plenario de data 17/03/2025, tralo ditame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia N^o 209/2025.

Segundo.- Iniciar o expediente N^o2026/E005/000002 para a **Revisión de oficio** do acto de aprobación das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023, en base á causa de nulidade prevista no art. 47.1.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, por lesionar os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, conculcando o artigo 14 da Constitución Española ao esixir como requisito de participación unha titulación inadecuada e desproporcionada á natureza propia das tarefas a realizar.

Terceiro.- Incorporar ao presente expediente todos os informe obrantes no expediente 2025/E005/000004.

Cuarto.- Suspende a execución do acto administrativo impugnado ata a recepción do Ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Quinto.- Notificar o inicio do procedemento ás persoas interesadas para que no prazo de dez días presenten as alegacións que consideren necesarias.

Sexto.- Comunicar este acordo á persoa titular da Secretaría Xeral do Consello Consultivo de Galicia.

3. ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E O SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA EN FAIXAS SECUNDARIAS.

Expte. núm. 2026/A006/000001.

Dase conta da seguinte proposta:

“Visto o convenio entre a Consellería do Medio Rural e o SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa en faixas secundarias, publicado no DOG núm. 250, de data 29/12/2025.

Visto que o obxecto do convenio é continuar coa cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, SEAGA e os concellos que, no seu caso, poidan voluntariamente adherirse ao sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa.

Visto que este sistema actuará a dous niveis, establecendo unha serie de actuacións a desenvolver en tódolos concellos adheridos e outras accións, mais intensas, que se levarán a cabo so en aquelas parroquias que anualmente se seleccionen dacordo cos criterios de prioridade establecidos na cláusula 4^a do convenio, que se denominarán “parroquias priorizadas”.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Visto que este convenio ten por finalidade garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas de interfaz urbana, garantindo así o interese público da seguridade de persoas e bens e que o seu obxectivo final é protexer os bens e as persoas cunha acción preventiva eficaz e adaptada á realidade física do territorio, así como á realidade social.

Visto que o sistema público de xestión da biomasa que se establece no convenio comprende a colaboración financeira e técnica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma para garantir a xestión da biomasa das parcelas incluídas nas faixas secundarias de xestión da biomasa dos concellos adheridos e inclúe as seguintes actuacións:

a) A colaboración técnica da Administración da C.A. para a revisión, e no seu caso, modificación do planeamento municipal en prevención e defensa contra os incendios forestais.

b) A prestación técnica da Administración da C.A. e os concellos para a execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e para a retirada de especies arbóreas prohibidas, prestando apoio aos concellos para a realización das seguintes tarefas:

- *Realización das actuacións materiais de xestión de biomasa nas redes de faixas secundarias, cando derive da tramitación de procedementos de execución subsidiaria.*

- *Realización material de actuacións de xestión da biomasa en vías de titularidade municipal ata un máximo de 12 km por concello e ano.*

- *Apoio técnico do servizo de xestión de biomasa nas labores de inspección de parcelas incluídas na rede de faixas secundarias.*

- *Colaboración no envío de notificacións ou publicación no BOE e DOG.*

- *A execución das actuacións preventivas planificadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte distintas das derivadas dos plans municipais da Lei 3/2007.*

Visto que este concello conta cun Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, aprobado en data 17/06/2020.

Visto que é vontade deste Concello de Laxe é a de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

Visto o que antecede e de conformidade coas atribucións conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propoño ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- *Solicitar a adhesión ao convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa en faixas secundarias, asumindo as obrigas e compromisos derivados nel e con suxeición plena a todas elas.*

Segundo.- *Comunicar a dita adhesión á Comisión de Seguimento do dito convenio.*

Terceiro. *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente en representación do Concello de Laxe para a sinatura do convenio."*

Intervén a concelleira do BNG, dona María Cristina Vázquez del Prisco e manifesta que a priori é beneficioso pero que lles xera dúbidas a materialización dos procedementos e actuacións, motivo polo cal, se van abster.

O alcalde fai referencia ao persoal para revisar o procedemento e indica que agora o importe é a adhesión.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación o borrador anterior, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 5 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 3 [2 do BNG (dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

Queda por tanto, aprobado o seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa en faixas secundarias, asumindo as obrigas e compromisos derivados nel e con suxeición plena a todas elas.

Segundo.- Comunicar a dita adhesión á Comisión de Seguimento do dito convenio.

Terceiro. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente en representación do Concello de Laxe para a sinatura do convenio.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:45 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria-interventora accidental a presente acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.